



RECORDATORIO IMPORTANTE

PREVENCIN E DEFENSA DE INCENDIOS FORESTAIS

A lei 3/2007 de prevencin e defensa contra os incendios forestais dispn que a **responsabilidade de manter as parcelas privadas entorno a nucleos habitados**, en condicins tales que non favorezan a propagacin de incendios e en consecuencia que faciliten a defensa das vivendas no caso de incendios, ** dos propietarios**.

Estas tarefas deberan estar feitas antes do 30 de xuno (art. 22.1) pero a consecuencia de atoprmonos en temporada de alto risco de incendios, declarada pola Xunta de Galicia, vmonos na obriga de recordrllelo.

Segundo a citada lei os propietarios particulares deberan manter unha franxa de 50 metros libre de vexetacin seca ao redor do permetro de calquera dos nucleos rurais declarados nas Normas Subsidiarias municipais, edificacin, urbanizacin, depsito de lixo, instalacins recreativas, obras, parques e instalacins industriais que estean situadas a menos de 400 metros do monte. Nesta mesma franxa non poder existir masa arbrea a menos de 30 metros do permetro dos nucleos rurais declarados nas Normas Subsidiarias municipais. Esta distancia reducirase a 15 metros se as especies arbreas da masa considerada son as frondosas incluídas no ANEXO II da lei (rbores autctona). No caso de ser vivendas illadas construídas fora de nucleo rural a distancia de seguridade mdese dende o lmite do parapeto da vivenda (as fachadas).

Para facilitarlles estas tarefas tenen  sa disposicin, nas oficinas municipais, os planos dos distintos nucleos rurais do concello  fin de que identifiquen ata onde chegan estas obrigas.

No caso de incumprimento pode o Concello de Lourenz facer de forma subsidiaria estas tarefas repercutindo os custos s propietarios.

Lourenz a 4 de xullo de 2013

Emma lvarez Chao. Alcadesa.